

Olivier e as estrelas

BD Fábula para adultos na que contrapesan tenrura e crueldade

El último gran viaje de Olivier Duveau é tamén a última obra de Jali –alcume de José Ángel Labarra–, autor que xa publicara as novelas gráficas *Igor Mortis* (UnderComic, 2000) e *Pl*Xi*Gls* (Astiberri, 2004), e que nesta ocasión volve facer gala da súa máxica expresión coa que é quen de converter acontecementos aparentemente cotiáns en fantásticos argumentos cheos de poesía. Neste álbum, Jali presenta a historia de Olivier Duveau, personaxe nacido nunha rica e sempre ausente familia, criado na reclusión total da mansión dos Duveau cos seus máis de cen serventes, sen contacto con máis mundo que o que pode ollar a través das fiestras e o valado do xardín. Ao longo deses anos, Olivier ansía saír ao exterior e establece unha intensa relación co firmamento, único e sempiterno acompañante do seu cativerio infantil. Por iso chegada á idade de dezoito anos, desfaiase dos seus coidadores e lánzase a descubrir o mundo con todas as súas alegrías e, sobre todo, dores. Pero a obsesión das estrelas nunca o abandona, nin sequera cando se atopa casualmente, como debe ser o amor a primeira vista, con aquela fermosa muller que consegue apaixonalo en apenas uns minutos para despois desaparecer. A partir deste feito, a necesidade de fuxida de Olivier comeza a facerse máis patente e rematará con esa última gran viaxe que propón o libro. Mais a obra xa vén sendo unha viaxe dende o seu inicio. Trátase toda ela dun percorrido sentimental e profundo polas paixóns humanas: a soidade, o medo, o abandono, a ilusión, a fatalidade, o amor, a felicidade e, como non, a súa procura.

O debuxo de Jali –que recordará aos lectores, entre outros, ao Gorey do que máis bebeu Burton no

El último gran viaje de Olivier Duveau

Jali

Astiberri, 2009

168 páx · 16 euros



seu pesadelo antes de Nadal– marca o traballo cun trazo expresionista co que se constrúen viñetas maxistrais. Un debuxo cuxa forza se basea esencialmente no lapis e o xogo entre o claro e o escuro, entre a luz das estrelas e o fondo do ceo, e toda unha atmosfera sombría e case gótica que acentúa o carácter noctámbulo de Olivier e o seu ánimo enfermizo.

Doutra banda estamos ante unha narración chea de metáforas visuais e fermosas imaxes que non precisan palabras e as que aparecen están escollidas en exacta medida, e que conta, ademais, cun ritmo delicioso que nos vai levando cara a un final nunca esperado, precioso e emocionante. Con el confirmamos a xenialidade de Jali. Pero o final non é todo. A modo de *bonus track*, o autor, dando un salto de directa e cómplice comunicación co lector, regálanos unha pequena historieta engadida ao álbum –“El niño con más fuerza del mundo”–, a cal relaxa a intensidade do sentimento que deixa na boca o que vimos de ler.

El último gran viaje de Olivier Duveau, auténtica fábula para adultos, contén tenrura e crueldade en exquisito equilibrio. Un libro que é un canto á procura da felicidade verdadeira, que se agocha máis aló do material, talvez no escintillante brillar das estrelas da noite.

// María Lado

